



PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL

Curso 2023/2024



As liñas xerais de actuación que a continuación se expoñen seguen as mesmas directrices que en cursos anteriores.

1. Obxectivos xerais do Centro. Medidas para acadalos.

.1. Obxectivos

Os obxectivos xerais que se propón acadar o Centro son os seguintes:

- Alentar e favorecer o funcionamento dos órganos institucionais que a lei establece.
- Conseguir que a actividade docente se desenvolva en liberdade e coa participación activa de toda a comunidade escolar, fomentando o espírito de convivencia.
- Actuar como canle de comunicación entre todos os estamentos da comunidade educativa e a Administración.
- Dispensar un ensino personalizado que, mediante unha metodoloxía activa, consiga o meirande rendemento intelectual e desenvolvemento persoal do alumno.
- Promover a participación dos alumnos en todas as actividades encamiñadas á súa formación integral.



.2. Medidas

Para acadar estes obxectivos a Dirección do Centro planifica, de acordo co Proxecto Educativo, as seguintes medidas:

.2.1. *Respecto ao alumnado:*

- ◆ Fomentar o desenvolvemento das súas facultades intelectuais, éticas e físicas.
- ◆ Favorecer o respecto dos dereitos individuais e do grupo, velando porque o mal uso da liberdade individual non vulnere tales dereitos, informándoos oportunamente dos dereitos e deberes como alumnos do centro, segundo as directrices marcadas pola lexislación vixente e as especificacións do Consello Escolar.
- ◆ Incentivar a participación en actos académicos e actividades extraescolares.
- ◆ Potenciar a comunicación e o diálogo entre os alumnos e alumnas, e entre estes e o resto da comunidade educativa.
- ◆ Favorecer o espírito de creatividade e iniciativa como medio para acadar autonomía e responsabilidade persoal.
- ◆ Fomentar a integración do alumnado con necesidades educativas específicas.
- ◆ Continuar e mellorar o funcionamento da Rede de Alumnado MEDIADOR para axudar na resolución pacífica de conflitos.



- ◆ Promover o recoñecemento e sensibilización de toda a comunidade educativa ante as características do alumnado coa condición de ANEAE.
- ◆ Traballar no programa Erasmus + do que o centro ostenta unha acreditación para o período 22-27.
- ◆ Mellorar a comunicación a través do curso Administración Alumnado da Aula Virtual.

.2.2. *Respecto ao profesorado:*

- ◆ Favorecer a comunicación e a convivencia entre todos os docentes.
- ◆ Proporcionar recursos axeitados (dentro das posibilidades do centro) para que poida desenvolver a súa labor profesional dun xeito adecuado.
- ◆ Axudar ao desenvolvemento das súas labores específicas dentro dos órganos de coordinación docente no seu papel de titores, xefes de departamentos e integrantes das diferentes comisións (comisión de coordinación pedagóxica, comisión económica, comisión de convivencia, etc.) proporcionándolles a documentación orientativa da que se poida dispoñer para o cumprimento das súas funcións.
- ◆ Incentivar as relacións entre os docentes e o resto da comunidade educativa.



- ◆ Desenvolver un PFPP nas liñas formativas didácticas de “Metodoloxías Activas” e de dixitalización do “Plan Dixital”.
- ◆ Seguir coa LeirasNet, incorporando novas aplicacións para o profesorado.

.2.3. Respecto aos pais/nais ou titores/as dos alumnos ou alumnas:

- ◆ Favorecer en todo momento a súa comunicación co persoal docente.
- ◆ Informalos sobre a organización do curso e o funcionamento do Instituto.
- ◆ Potenciar o coñecemento sobre o sistema educativo mediante actividades de orientación.
- ◆ Facer reunións coas familias e o equipo directivo e departamento de Orientación, ben a principio de curso, ben no momento da pre-matrícula do curso seguinte.
- ◆ Mellorar a comunicación a través da aplicación Abalar e do curso Administración Alumnado da Aula Virtual.

- **Obxectivos específicos para o presente curso.**

Medidas e recursos para acadalos.

2.1. A nivel de organización e docencia

- A. *A nivel xeral:*



Regular e coordinar o funcionamento dos órganos seguintes:

- a. Comisión económica
- b. Comisión de convivencia
- c. Coordinación do Programa da convivencia. Equipo de resolución pacífica de conflitos
- d. Equipo de Dinamización da lingua galega
- e. Departamento de Actividades extraescolares e complementarias
- f. Coordinación da Biblioteca e do Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares
- g. Coordinación do Plan Dixital

B. A nivel de coordinación docente:

Regular e coordinar o funcionamento dos órganos seguintes:

- a. Comisión de Coordinación Pedagóxica
- b. Departamentos Didácticos
- c. Departamento de Orientación

C. A nivel do alumnado:

Favorecer o funcionamento de:

- a. A Xunta de delegados de alumnos (na que estarán integrados todos os delegados e subdelegados de grupo, ademais dos representantes do alumnado no Consello Escolar)



- b. O Plan de acción titorial (a través do Departamento de Orientación e dos titores)
- c. O Plan de convivencia
- d. As asociacións de alumnos

D. A nivel dos pais, nais ou titores:

Favorecer:

- a. A colaboración coa ANPA
- b. A organización de charlas de orientación demandadas polas familias ou ofertadas polo centro
- c. A comunicación cos centros adscritos ao IES Leiras Pulpeiro (CEIP de Casás e CEIP Menéndez Pelayo)

E. A nivel doutras institucións:

- a. Favorecer a colaboración/participación do Centro en actividades con marcado carácter educativo propostas por outras institucións. Neste sentido, este ano temos solicitado e concedido o desenvolvemento dos seguintes proxectos:
 - Unidade de Acompañamento e Orientación Persoal e Familiar (**UACO**)
 - Participación en 2 Proxecta + (Nutriescolas e Xogade)
 - Participación en 3 CPInova (**EduSostibilidade, EduExcelencia, EduSaúde**)



- Participación en 5 CPIInclúe (**Inclue-t, Queda-t, Convive-t, Emociona-t, Iguala-t**)
- Participación en PROA+ coa achega de 1 profesora de Bioloxía e Xeoloxía.
- Acreditación Erasmus+ 22-27
- Club de Lectura 23-24

b. Convenios subscritos para a cesión de espazos:

- i. Cesión de espazos polideportivos ao **Club Polideportivo Casás** e do **Club Ribeira Fútbol Sala** e do ex-alumno **Mario Seijas** para o adestramento de equipos de fútbol sala.
- ii. Cesión de espazos polideportivos ao **Club Xuncas Diversia** para o adestramento de equipos de baloncesto.
- iii. Cesión de espazos polideportivos á empresa de actividades deportivas **Lóstregos** para o adestramento de equipos de hóckey sobre patíns.
- iv. Prestar as instalacións do centro para a celebración de Torneos de Xadrez organizados pola asociación **Xaquedrum** e a **Escola Luguesa de Xadrez**.

- Potenciar a orientación académica e profesional e o desenvolvemento de programas de reforzo académico e iniciación á vida profesional.



- Promover e favorecer os proxectos que teñan a finalidade de potenciar a convivencia e a integración do alumnado no centro.
- Desenvolver o Proxecto lector do centro. A coordinación estará a cargo do responsable de dinamización da Biblioteca escolar.
- Continuar a desenvolver o Plan Dixital de Centro.
- Manter o sitio web do Centro e o seu perfil en Facebook , de xeito que continúen a ser un espazo de comunicación entre o centro e a comunidade educativa.
- Uso de Abalar Móbil como medio de comunicación entre as familias e o profesorado.
- Promover espazos web de traballo: blogs, redes sociais, aula virtual.
- Seguir promovendo o uso de Radio Leiras como polo creativo.

2.2. A nivel de infraestruturas e materiais

Os obxectivos baséanse en tratar de que se leven a cabo as seguintes accións:

- Centralizar as impresións e escaneados na fotocopidora de Conserxería para aforrar tinta e mellorar a calidade das copias.
- Continuar coa substitución das lámpadas de neón por lámpadas con LEDs, para reducir o apartado de consumo na factura de electricidade.
- Continuar, se os orzamentos o permiten, coa substitución das persianas do andar principal por outras de aluminio con illante proxectado, ao igual que se fixo en anos anteriores coas do semisoto.
- Efectuar as reparacións e operacións de mantemento necesarias nas distintas infraestruturas do Centro.



- Unha vez realizada a obra de acondicionamento do salón de actos, nunha segunda etapa, proceder a equipar o salón de cadeiras.
- Aumentar as aplicacións da LeirasNet do centro para favorecer a comunicación interna e o traballo do profesorado.
- Reformar un corredor lateral para a habilitación dun espazo de atención ás familias.